

do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día quince de setembro de dous mil cinco,

Nomeo director xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria a Germán González Pazó.

Santiago de Compostela, quince de setembro de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

María José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 12 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións para a constitución do consello escolar en centros escolares de nova creación e outros sostidos con fondos públicos.*

No artigo 29 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG do 29 de abril), segundo a súa redacción dada polo Decreto 279/1990, do 27 de abril (DOG do 17 de maio), establécese que o procedemento de elección dos membros do consello escolar dos centros públicos se desenvolverá no primeiro trimestre do curso académico que corresponda e dentro do período lectivo, e que a data de celebración das eleccións será fixada, cun mes de antelación, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No artigo 1 da Orde do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados (DOG do 26 de setembro) establécese que o dito procedemento realizárase de acordo co regulamento nesa orde e nos aspectos non previstos nela haberá que atermos ao establecido para os centros públicos no Decreto 92/1988, do 28 de abril, modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto).

Os artigos 49 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobados polos decretos 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), e 324/1996, do 26 de xullo, respectivamente, o artigo 11 do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados de ensinanza non universitarias, aprobado polo Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro), e o punto undécimo da Orde do 28 de agosto de 1996, pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados (DOG do 26 de

setembro), establecen que a elección do consello escolar e a súa constitución nos centros de nova creación se efectuará no mes de outubro, e que a primeira renovación do consello escolar se producirá ao cabo dun ano ou dous de maneira que coincida coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da comunidade autónoma.

Dado que no derradeiro trimestre do ano 2004 correspondeu a renovación de todos os consellos escolares no ámbito da comunidade autónoma, neste ano é preciso proceder á constitución do consello escolar por primeira vez nos centros creados con posterioridade á citada renovación, ao tempo que se regulariza a situación daqueles centros que, por razóns de diversa índole, non realizasen as eleccións no citado proceso do ano 2004.

Tendo en conta que na disposición transitoria quinta da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (LOCE) establécese que nas materias respecto das que esta lei remite a regulación a posteriores disposicións regulamentarias, e mentres estas non sexan ditadas, serán de aplicación, en cada caso, as normas ata agora vixentes e considerando que a normativa anteriormente citada non contradí ao establecido nos puntos 1º e 2º do artigo 81 da LOCE, referido ao consello escolar, e que os puntos 4º, 5º, 6º e 7º deste mesmo artigo remiten a posteriores disposicións aínda non ditadas, son de aplicación a esta materia todas as normas citadas nos parágrafos anteriores coa única excepción, que se deriva do establecido no punto 3º do artigo 81 da LOCE, polo que só poderán ser elixidos membros do consello escolar os alumnos a partir do terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria, sempre e cando non fosen sancionados por condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro durante o curso en que teña lugar a celebración das eleccións.

Na súa virtude, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Artigo 1º

As eleccións para a primeira constitución do consello escolar nos centros escolares sostidos con fondos públicos que inician o seu funcionamento no curso 2005/2006 celebraranse entre os días 24 e 28 de outubro de 2005, ambos os dous incluídos, de acordo co establecido:

a) Para os centros de educación infantil, primaria e secundaria, na orde desta consellería do 21 de outubro de 1996 (DOG do 22 de outubro).

b) Para os centros públicos integrados, no artigo 11 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro).

c) Para os centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e de educación de adultos, na orde desta consellería do 29 de outubro de 1996 (DOG do 4 de novembro. Corrección de erros: DOG do 15 de novembro).

d) Para os centros privados concertados, na orde desta consellería do 28 de agosto de 1996 (DOG do 26 de setembro).

#### Artigo 2º

1. A xunta electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, constituirase entre os días 3 e 5 de outubro de 2005.

2. De conformidade co establecido no artigo 31 b) do Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da xunta electoral concretar o calendario electoral. As xuntas electorais terán presente, en todo caso, que o prazo de admisión de candidaturas non deberá ser inferior a sete días naturais.

#### Artigo 3º

As persoas integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e aos electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas seralles de aplicación o artigo 70.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio (DOG do 1 de xuño), da función pública de Galicia. Non obstante, os días en que se celebren as eleccións de representantes dos distintos sectores da comunidade educativa non poderán ser declarados non lectivos.

#### Artigo 4º

No que respecta á elección de representantes do alumnado deberase ter en conta o establecido no artigo 81.3º da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

#### Artigo 5º

A primeira renovación do consello escolar dos centros aos que se refire o artigo 1º desta resolución producírase no ano 2006, coincidindo coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da comunidade autónoma, de conformidade co establecido nos artigos 49 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobados polos decretos 374/1996, do 17 de outubro, e 324/1996, do 26 de xullo, respectivamente, no artigo 11 do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, aprobado polo Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, e no punto 11.2 da orde desta consellería do 28 de agosto de 1996.

#### Artigo 6º

1. A acta do escrutinio da votación de cada mesa electoral, á que se refire o artigo 50 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, na súa redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, farase segundo o modelo que se publica como anexo I a esta resolución.

2. De conformidade co establecido no artigo 51 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, o director do centro, como presidente da xunta electoral, unha

vez proclamados os candidatos electos, dará traslado das copias das actas de cada mesa electoral ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Logo da constitución do consello escolar, á que se refire o artigo 52 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, o director do centro remitirá ao delegado provincial, antes do 20 de novembro de 2005, o formulario que se publica como anexo II a esta resolución.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Os centros que na convocatoria do mes de novembro de 2004 deberían ter realizada a primeira constitución ou a renovación parcial do consello escolar, e que por calquera circunstancia non o fixesen, deberán regularizar a súa situación levando a cabo o proceso electoral de acordo co calendario e normas previstos nesta resolución.

Segunda.-No caso de renovación parcial terase en conta que:

1. Os centros modificarán o número de membros do consello escolar en función do número de unidades que teñan nese momento.

2. Nos centros regulados polos decretos 324 e 374/1996, para determinar os membros do consello escolar que deben ser renovados procederase de conformidade co establecido no punto 1 da disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, que modifica o artigo 40 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e o artigo 41 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Terceira.-Os centros aos que se refire a disposición adicional primeira desta resolución realizarán a renovación do consello escolar no ano 2006, coincidindo coa do resto dos consellos escolares no ámbito da comunidade autónoma, de conformidade co establecido nos artigos 49 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobados polos decretos 374/1996, do 17 de outubro, e 324/1996, do 26 de xullo, respectivamente; no artigo 11 do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, aprobado polo Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, e no punto 11º. 2. da orde desta consellería do 28 de agosto de 1996.

#### *Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2005.

María José Pérez Mariño  
Directora xeral de Ordenación e Innovación  
Educativa



**ANEXO II**

**INFORME DE SEGUIMIENTO DO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR\***

**A.- DATOS DO CENTRO:**

DENOMINACIÓN:  TITULARIDADE: <table border="1" style="margin-left: 20px; width: 100px; height: 30px;"> <tr> <td style="width: 50%; text-align: center;">PÚBLICA</td> <td style="width: 50%;"></td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">PRIVADA</td> <td></td> </tr> </table>	PÚBLICA		PRIVADA		LOCALIDADE E CONCELLO:  Número total de unidades/grupos.....
PÚBLICA					
PRIVADA					

**B.- RESUMO DO RESULTADO DAS VOTACIÓNS:**

NÚMERO DE ELECTORES CENSADOS POR CADA SECTOR		RESULTADOS POR CADA SECTOR											
		PROFESORES		PAIS		ALUMNOS		PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS					
PROFESORES	PAIS	VACANTES	CANDIDATOS	VOTANTES	VACANTES	CANDIDATOS	VOTANTES	VACANTES	CANDIDATOS	VOTANTES	VACANTES	CANDIDATOS	VOTANTES

**C.- COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO:**

Composición legal do Consello Escolar, segundo se recolle no Decreto 374/96, Decreto 324/96, Decreto 7/99, Orde do 28/08/96, Orde do 21/10/96.	Composición real do Consello Escolar constituído despois do proceso que se regula na Resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa do 12/09/2005.	PROFESORES	PAIS	ALUMNOS	PERSONAL DE ADMÓN. E SERVIZOS	REP. DO CONCELLO	REP. DAS EMPRESAS

**D.- NO CASO DE NON CONSTITUIRSE O CONSELLO ESCOLAR, SINALE AS CAUSAS:**

--

Visto e prace  
O/A director/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2005

O/A secretaria/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

\* Remitir a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Servizo Provincial de Inspección Educativa) antes do **dia 20 de novembro de 2005**.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 13 de setembro de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia e se convocan as axudas para o ano 2005.*

A Orde do 27 de marzo de 2003, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* número 67, do 4 de abril, establecía as bases reguladoras e se convocaban as axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia.

Posteriormente, pola orde desta consellería do 21 de abril de 2004, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* número 80, do 27 de abril, convocáronse para o ano 2004 as devanditas axudas.

A experiencia na xestión destas axudas e os resultados que se obtiveron en canto ao fomento do asociacionismo no medio rural para favorecer a concentración da oferta agraria e adecuar a produción ás exixencias do mercado, superando as deficiencias estruturais que existen na comercialización das producións agropecuarias, xustifican a continuidade desta liña de axudas, de acordo tamén co que se establece no Real decreto 2722/1998, do 18 de decembro, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

A Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, dá nova redacción aos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, fundamentalmente para recoller a lexislación básica establecida pola Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Como consecuencia da publicación desta lei, é necesario que as bases reguladoras que se recollen na citada Orde do 27 de marzo de 2003, se adapten á nova normativa.

Por todo o exposto, en consonancia co establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

**DISPOÑO:****Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto modificar as bases reguladoras das axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia, que se establecen na Orde do 27 de marzo de 2003 (DOG nº 67, do 4 de abril), da anteriormente denominada Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, e convocar estas axudas para o exercicio orzamentario 2005.

Sección primeira  
Modificación das bases reguladoras

**Artigo 2º.-Modificación das bases reguladoras.**

Modifícanse os seguintes artigos da Orde do 27 de marzo de 2003 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia:

a) Engádesse unha alínea «j» ao punto 1 do artigo 7º, relativo á documentación que deben presentar as agrupacións de produtores agrarios xunto coa solicitude das axudas, que ten a seguinte redacción:

«Artigo 7º.1.j) Acreditación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social, Axencia Tributaria e Administración pública desta comunidade autónoma.

As certificacións de estar ao día coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Axencia Tributaria poderán solicitálas as entidades interesadas, ou ben autorizar a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para que o faga, tal como se establece no anexo II da Orde do 27 de marzo de 2003».

b) O punto 1 do artigo 10º, relativo á concesión das axudas, queda redactado como segue:

«Artigo 10º.1. Unha vez examinadas as solicitudes de axudas, aquelas que cumpran os requisitos establecidos nesta orde serán valoradas pola comisión de avaliación creada para tal fin, segundo os criterios de valoración citados anteriormente.

Esta comisión de avaliación estará presidida polo subdirector xeral competente en industrias agroalimentarias, e estará composta, ademais, polo xefe de servizo competente en fomento asociativo, un xefe de área e un xefe de negociado, pertencentes á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. O xefe de negociado actuará como secretario da comisión.

Unha vez valoradas as solicitudes, a comisión de avaliación elevará o correspondente informe ante a devandita dirección xeral e elaboraranse as propostas de concesión da subvención, onde figurará o seu importe previsto, de acordo co establecido na normativa e segundo a dotación orzamentaria existente para estas liñas de axuda».

c) O punto 3 do artigo 10º, relativo á concesión das axudas, queda redactado como segue:

«Artigo 10º.3. Unha vez fiscalizadas, o conselleiro de Medio Rural resolverá as solicitudes de axuda. Se non se notificase a resolución de concesión no prazo de seis meses, contados desde a publicación da correspondente orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, poderán entenderse desestimadas as axudas solicitadas».

d) Suprímense os números 4 e 5 do artigo 14º, relativo ao seguimento e control, que se substitúen por un novo número 4, co seguinte contido: